



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 12 de febreiro de 2020**

1. Apróbase a acta da sesión ordinaria anterior, de data 05/02/2020.
2. Denégase a licenza de obras para traslado de hórreo situado no camiño de Cruceiros, nº 38, Marín.
3. Dáse conta da aprobación do Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
4. Dáse conta das bases reguladoras de subvencións para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, da Consellería de Cultura e Turismo.
5. Dáse conta das bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, da Consellería de Cultura e Turismo.
6. Dáse conta das bases reguladoras de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro, da Axencia Turismo de Galicia.
7. Dáse conta das bases reguladoras do programa "Depotermal" para o ano 2020, da Deputación de Pontevedra.
8. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Dáse conta das bases de subvencións para o financiamento dos custos da dotación de persoal para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo adheridas á Rede de oficinas de turismo Info Rías Baixas durante o ano 2020, da Deputación de Pontevedra.
2. Apróbase o expediente de contratación do contrato mixto de "DESENVOLVEMENTO DUNHA PLATAFORMA DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL PARA O CONCELLO DE MARÍN, ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA A SÚA CORRECTA IMPLANTACIÓN E IMPLANTACIÓN DUNHA SOLUCIÓN HIPERXONVERXENTE", suxeito a regulación harmonizada, cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), cunha taxa de cofinanciamento do 80%, no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 .
3. Concédese licenza de obras para o acondicionamento interior do ático A, con cambio de uso de trasteiro a vivenda, na rúa do Tombo, portal nº 4, Marín.

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40004882600C4E5L6G6R5B7 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20200296998
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 21/02/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/02/2020 15:24:53	Fecha: 21/02/2020 Hora: 15:24

